

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2025 pola que se anuncia a convocatoria das probas de avaliación de carácter libre para a obtención do certificado de competencias dixitais (ComDix) no seu nivel Intermedio.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na súa condición de entidade pública instrumental do sector público, ten entre as súas funcións favorecer un contexto dixital en que a cidadanía poida alcanzar, actualizar e mellorar as súas competencias dixitais, en liña cos cambios e os usos tecnolóxicos que se integren na sociedade.

Para tal fin, e tendo como referente o Marco europeo de competencias dixitais na súa versión DigComp 2.2, o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, regulou o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, de acordo co establecido na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, co obxectivo de alcanzar unha cidadanía dixitalmente responsable nunha contorna en que, cada vez máis, se require o uso da tecnoloxía case a diario.

O artigo 3 do citado Decreto 123/2021 establece que o desenvolvemento específico das dimensións e especializacións do marco en función dos grupos destinatarios se incluírá no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

O 11 de setembro de 2023 aprobouse unha primeira versión deste documento en que se identifica como unha das vías de obtención do certificado galego en competencias dixitais (ComDix) a realización dunha proba de certificación específica que permita demostrar ter os coñecementos, as habilidades e as actitudes propias das devanditas competencias. Actualmente, na súa segunda versión, aprobada o 20 de xuño de 2024 polo Consello Reitor da Amtega, mantense esta vía de obtención.

Esta proba de certificación complementase coa posta a dispor das persoas interesadas de contidos en liña en réxime de autoformación, de uso voluntario, para adquirir os coñecementos, as habilidades e as actitudes dixitais, e que servirá de referencia antes de presentarse á proba de certificación.

Así mesmo, establece no seu artigo 13 que a propia Amtega, a través das aulas da Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT), cooperará, no seu ámbito de competencia, na execución das actuacións para a xestión da certificación en



competencias dixitais, estando habilitada e autorizada para a formación e avaliación para a súa obtención.

De acordo co anterior,

RESOLVO:

Convocar as probas de certificación para a obtención do certificado galego de competencias dixitais-nivel intermedio (en diante, ComDix-Intermedio), que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I e o calendario que figura no anexo II.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

Julián Cerviño Iglesia
Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

ANEXO I

Probas de certificación para a obtención do certificado de competencias dixitais, nivel intermedio (ComDix-Intermedio)

Bases

Primeira. *Datas e realización das probas*

1. As probas desenvolveranse os días 18, 19 e 20 de xuño de 2025.
2. Terán lugar segundo o calendario que figura no anexo II, onde se relacionan os lugares con aulas CeMIT dispoñibles, as prazas convocadas por cada localidade, as datas e os horarios de realización.

Segunda. *Itinerario formativo*

1. Para a preparación das probas de certificación de nivel intermedio ponse ao dispor do usuario, como material de apoio, o programa de autoformación conformado por un itinerario formativo composto por 5 cursos.

Curso
• Consulta e xestión da información dixital
• Comunicación e colaboración
• Creación de contidos dixitais
• Benestar dixital: seguridade e privacidade
• Contorna dixital e resolución de problemas

CVE-DOG: wnheqya8-14q8-c8k8-9ho4-rwt6k7n252o7



2. O acceso aos contidos pode realizarse en calquera momento e estarán dispoñibles permanentemente na plataforma de teleformación <https://formacion-cemit.xunta.gal>

3. A realización total ou parcial do itinerario formativo non dá dereito á expedición do certificado de competencias dixitais (ComDix), que se obterá unicamente pola superación da proba de certificación regulada nesta convocatoria.

4. Cada persoa determinará libremente as actividades formativas nas que quere inscribirse e o período durante o cal vai traballar na actividade ou actividades do programa de autoformación elixidas.

5. O acceso aos contidos das actividades do programa de autoformación non implica a obriga de presentarse ás probas de certificación reguladas nin é tampouco un requisito para matricularse nelas.

Terceira. *Solicitudes de participación e prazo de inscrición*

1. As persoas que desexen participar nas probas de certificación deberán ser maiores de 16 anos e inscribirse na páxina web da rede CeMIT <https://cemit.xunta.gal> antes da finalización do prazo de inscrición.

2. Con carácter previo á inscrición é necesario darse de alta como usuario/a da Rede CeMIT no enderezo electrónico <https://aulascemit.xunta.es/usuarios>, para o que é imprescindible facilitar unha conta persoal de correo electrónico.

3. Os datos persoais cos que a persoa se inscriba na páxina web da Rede CeMIT serán os que se tomen de referencia para emitir as certificacións e durante todo o proceso de selección. A Amtega non se fai responsable da emisión de certificacións con datos incorrectos por erros na inscrición ás probas.

4. O prazo para a inscrición será de sete (7) días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

5. Soamente se poderá presentar unha solicitude de inscrición por persoa participante, e serán excluídas automaticamente aquelas persoas que figuren inscritas en máis dunha localidade ou horario.

6. Unha vez que finalice o prazo de inscrición e aplicados os criterios de selección que se recollen na base cuarta, publicarase a relación provisional de persoas admitidas en

CVE-DOG: wnheqya8-l4q8-c8k8-9ho4-rwt6k7n252o7



cada unha das localidades na páxina web da Rede CeMIT (<https://cemit.xunta.gal>), así como a listaxe de reservas e de excluídas.

Cuarta. Criterios de selección

1. Para a cobertura inicial das prazas, no caso de que houbese máis solicitudes que prazas dispoñibles, terán preferencia os/as solicitantes que posúan o diploma de aproveitamento do curso (equivalente a 10 ECTS) de Competencias dixitais intermedias emitido pola Amtega.

2. Se existisen máis solicitudes que o número de prazas en cada unha das localidades, as prazas dispoñibles distribuiranse entre as persoas prerrexistradas en tempo e forma. A orde de asignación será o resultado dun sorteo público, que se realizará unha vez finalizado o prazo de inscrición.

3. Para elaborar a listaxe, tomarase a data e a hora de rexistro no sistema e asignarase o número un (1) ao primeiro solicitante e así sucesivamente ata o último rexistro.

4. Realizarase un sorteo a través dunha aplicación informática, que seleccionará aleatoriamente un único número de entre os que integran a lista de solicitantes do punto anterior. Este número corresponderá ao día, a hora e o minuto concreto en que se realizou a preinscrición.

5. As prazas adxudicaranse a partir da solicitude correspondente co número determinado no parágrafo anterior da lista previamente ordenada e continuarase, ata esgotar as prazas vacantes e reservadas, para aquelas solicitudes a que correspondan os seguintes números segundo a orde ascendente da serie numérica.

6. Para os efectos do número anterior, no caso de finalizar a lista sen cubrir o número total de prazas dispoñibles, continuarase desde o seu comezo.

7. Os resultados do sorteo publicaranse na web da Rede CeMIT para a súa consulta pública (<https://cemit.xunta.gal>).

Quinta. Publicación da relación do persoal seleccionado

1. Para cada proba de certificación en cada unha das localidades, días e horarios de realización, publicarase na páxina web <https://cemit.xunta.gal> unha relación provisional de persoas admitidas e excluídas, así como un número adecuado de reservas, de confor-



midade co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

2. As persoas que resulten seleccionadas provisionalmente recibirán un correo electrónico confirmatorio da súa selección e poderán comunicar a súa desistencia para participar na proba nun prazo de dez (10) días naturais desde a publicación da listaxe provisional. Esta renuncia deberá comunicarse por correo electrónico ao enderezo formacion-cemit@xunta.gal

No caso de non rexeitala expresamente no citado prazo, entenderase que a persoa seleccionada acepta participar na proba de certificación para a cal foi admitida provisionalmente.

3. Así mesmo, as persoas interesadas terán un prazo de dez (10) días naturais desde a devandita publicación para presentar alegacións, de conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Tras vencer estes prazos de presentación, publicarase na web da Rede CeMIT <https://cemit.xunta.gal> a listaxe definitiva de persoas admitidas nas probas, que incluírá a relación de persoas en reserva que finalmente obtiveron praza tras a renuncia daquelas seleccionadas provisionalmente. Contra esta listaxe poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes desde a devandita publicación, de conformidade co disposto nos artigos, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexta. Exención do pagamento de taxas de exame

Segundo o establecido no artigo 23.10 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exencións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 240, do 11 de decembro), referente ás exencións de taxa por servizos administrativos, a matriculación nesta convocatoria estará exenta do pagamento de taxas.

Sétima. Renuncia á realización da proba de certificación

1. Unha vez matriculados os participantes, as renuncias que houbese deben ser formalmente comunicadas mediante correo electrónico a formacion-cemit@xunta.gal nun prazo non superior a 5 días previos á data da proba.

2. Tras ese prazo, todas as renuncias e ausencias á proba que non presenten xustificación supoñerán a condición de non presentado da persoa participante e estará suxeito ás penalizacións indicadas no punto 5 desta base.



3. Se o motivo da non presentación é xustificado, deberá presentar o comprobante correspondente a través do correo electrónico competencias-dixitais@xunta.gal para que poida inscribirse na próxima convocatoria.

4. Consideraranse causas xustificadas: accidente, hospitalización, nacemento ou adopción, falecemento dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou primeiro de afinidade, obrigacións públicas ineludibles e outras de carácter igualmente excepcional.

5. O usuario non poderá inscribirse nunha nova proba no prazo de doce meses no caso de non presentación sen xustificación ou de incumprimento grave das normas, calquera que sexa o tipo de certificación. Considéranse infraccións graves das normas as seguintes:

- Uso de material de estudo, acceso a páxinas web non permitidas ou uso doutros recursos que representen unha axuda non permitida á hora de responder as preguntas do exame.
- Anotación ou captura de preguntas do exame que logo poidan filtrarse a outras persoas.
- Calquera conduta sospeitosa que supoña un intento de copia ou fraude identificada polo responsable da proba.

Oitava. *Desenvolvemento das probas de certificación*

1. A proba de certificación para a obtención do certificado ComDix realizarase na plataforma habilitada para o efecto pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

2. A estrutura desta proba será a seguinte:

- Estará dispoñible tanto en galego como en castelán, para que a persoa usuaria poida seleccionar o idioma no momento de realizar a proba.
- Constará dun cuestionario composto por entre 60 e 70 preguntas de diversa complexidade, que inclúe a avaliación das 21 competencias establecidas na estrutura do Marco galego ComDix.
- Tipoloxía de preguntas: pregunta simple, múltiple, arrastrar, relacionar...
- Non haberá penalización por preguntas incorrectas.
- Dispoñeráse dun tempo máximo de 90 minutos para realizar a proba.

CVE-DOG: wnheqya8-l4q8-c8k8-9ho4-rwt6k7n252o7



- Serán considerados aptos/as aqueles/as que superen o 60 % das preguntas referentes a cada unha das 5 áreas e o 70 % do total das preguntas.

- Se algún candidato non finaliza a proba no tempo establecido, o exame darase por concluído e enviarase automaticamente para a súa corrección.

- Unha vez que cada candidato complete a súa proba, poderá coñecer a súa puntuación, o seu resultado (apto/a ou non apto/a) e o número de preguntas incorrectas.

3. As persoas con discapacidade legalmente recoñecida poderán solicitar a adaptación do tempo ou dos medios necesarios para realizar a proba. Esta adaptación deberá comunicarse cunha antelación mínima de cinco (5) días á data de realización da proba por correo electrónico ao enderezo formacion-cemit@xunta.gal

4. Non se autoriza o uso de dispositivos electrónicos ou calquera outro material adicional durante o desenvolvemento das probas de certificación.

Novena. *Corrección e revisión das probas*

1. Inmediatamente despois de finalizar a proba, na mesma plataforma de certificación, os participantes poderán realizar observacións e/ou solicitar a revisión dalgunha pregunta na que estean en desacordo.

2. Posteriormente, levará a cabo unha análise das preguntas obxecto de revisión para determinar a admisión, a anulación ou a posibilidade de modificación destas.

3. As preguntas que resulten anuladas poden supoñer un cambio nos resultados do/s participantes non aptos. Estas anulacións non afectarán negativamente as cualificacións obtidas por aquelas persoas que xa obtivesen a puntuación de apto/a.

4. A modificación dos resultados finais tras a revisión de preguntas será realizada de oficio pola Administración e será notificada aos participantes afectados.

Décima. *Publicación da relación dos resultados finais*

1. Finalizado todo o proceso de corrección e revisión das preguntas, publicarase na páxina web <https://cemit.xunta.gal> un anuncio coas preguntas anuladas que puidesen afectar os resultados iniciais dos participantes na convocatoria.

CVE-DOG: wnheqya8-l4q8-c8k8-9ho4-rwt6k7n252o7



2. As persoas que resulten aptas recibirán un correo electrónico no que se lle confirma o seu resultado e no que se lle indican os seus datos persoais e información relacionada coa realización da proba, como xustificante provisional ata a emisión do certificado final.

Décimo primeira. *Emisión da certificación ComDix*

1. Esta certificación será emitida de oficio conforme os procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e de acordo co que se recolle no documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

2. Esta acreditación terá unha validez de cinco anos a partir da data da expedición.

Décimo segunda. *Notificacións*

1. As persoas que superen as probas de certificación serán notificadas preferentemente por medios electrónicos, e poderán decidir e comunicar en calquera momento que as sucesivas notificacións se realicen ou se deixen de realizar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>). Este sistema enviará ás persoas interesadas avisos da dispoñibilidade das notificacións mediante un correo electrónico dirixido ao enderezo de correo electrónico incluído na solicitude para os efectos de notificación.

3. As notificacións realizadas por medios electrónicos consideraranse realizadas no momento de acceder ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa obrigatoria, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, consideraranse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde que se puxo ao dispor a notificación sen acceder ao seu contido.

4. Se por problemas técnicos non fose posible o envío da notificación electrónica, realizarase a notificación polos medios previstos na normativa que regula o procedemento administrativo común.

Décimo terceira. *Facultades da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*

1. Resolver aquelas incidencias que se poidan producir no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e de certificación. Así mesmo, correspóndelle dispoñer o necesario para a execución e o cumprimento desta resolución.

CVE-DOG: wnheqya8-l4q8-c8k8-9ho4-rwt6k7n252o7



2. Expedir a certificación galega de competencias dixitais a todas aquelas persoas que superen con éxito a proba de certificación, segundo o disposto no Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula esta certificación.

Décimo cuarta. *Información sobre protección de datos persoais*

1. Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa calidade de responsable pola Xunta de Galicia-Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia coa finalidade de levar a cabo a inscrición, a selección e a xestión xeral desta convocatoria de probas de certificación.

2. O tratamento de datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, de conformidade co disposto na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e no Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a Certificación galega en competencias dixitais, nesta convocatoria e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

3. Os datos poderán ser comunicados a terceiros colaboradores para a titorización da acción formativa e a expedición do certificado de competencias dixitais, coa finalidade de informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento e xestionar a súa expedición e arquivamento. Determinados datos tamén poderán ser comunicados a entidades que colaboren na supervisión e xestión de probas de coñecementos ou de avaliación, para que non se cometan irregularidades.

4. Para dar a publicidade requirida ao procedemento, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os datos identificativos das persoas interesadas publicaranse de conformidade co que se describe nesta resolución a través dos distintos medios de comunicación institucional de que dispón a Xunta de Galicia, tales como xornais oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán solicitar ao responsable o acceso, a rectificación e a supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, persoalmente ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

CVE-DOG: wnheqya8-l4q8-c8k8-9ho4-rwt6k7n252o7



6. Información adicional e contacto co delegado de protección de datos en:

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

ANEXO II

Lugares e datas de realización das probas para a obtención do certificado

Primeira. *Calendario das probas*

As probas de certificación presencial desenvolveranse segundo o seguinte calendario.

Estas probas terán lugar nas dependencias das aulas CeMIT de cada localidade, nos días e nas horas que se relacionan, e co número de prazas dispoñibles que se corresponden coa capacidade de cada aula.

As localizacións físicas de cada aula pódense consultar na web <https://cemit.xunta.gal/centros>

– Convocatoria de xuño: días 18,19 e 20.

Localidade	Provincia	Día	Hora	Prazas
Abegondo	Coruña, A	Mércores, 18 de xuño	12.00	12
Boborás	Ourense	Mércores, 18 de xuño	12.00	12
Campo Lameiro	Pontevedra	Mércores, 18 de xuño	12.00	10
Carballo	Coruña, A	Mércores, 18 de xuño	12.00	20
Castrelo de Miño	Ourense	Mércores, 18 de xuño	12.00	9
Celanova	Ourense	Mércores, 18 de xuño	12.00	12
Coruña, A	Coruña, A	Mércores, 18 de xuño	12.00	16
Cuntis	Pontevedra	Mércores, 18 de xuño	12.00	9
Fonsagrada, A	Lugo	Mércores, 18 de xuño	12.00	15
Leiro	Ourense	Mércores, 18 de xuño	12.00	7
Moaña	Pontevedra	Mércores, 18 de xuño	12.00	14
Ortigueira	Coruña, A	Mércores, 18 de xuño	12.00	10
Ribeira	Coruña, A	Mércores, 18 de xuño	12.00	12
Santiago de Compostela	Coruña, A	Mércores, 18 de xuño	12.00	16
Vigo	Pontevedra	Mércores, 18 de xuño	12.00	12
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Mércores, 18 de xuño	12.00	20
Vimianzo	Coruña, A	Mércores, 18 de xuño	12.00	15

Localidade	Provincia	Día	Hora	Prazas
Ames	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	13
Barco, O	Ourense	Xoves, 19 de xuño	10.00	12



Localidade	Provincia	Día	Hora	Prazas
Betanzos	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	21
Boborás	Ourense	Xoves, 19 de xuño	10.00	12
Boiro	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	11
Brión	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	10
Castrelo de Miño	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	9
Cerceda	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	10
Chantada	Lugo	Xoves, 19 de xuño	10.00	20
Fisterra	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	10
Lalín	Pontevedra	Xoves, 19 de xuño	10.00	20
Lugo	Lugo	Xoves, 19 de xuño	10.00	12
Monforte de Lemos	Lugo	Xoves, 19 de xuño	10.00	12
Poio	Pontevedra	Xoves, 19 de xuño	10.00	6
Porriño, O	Pontevedra	Xoves, 19 de xuño	10.00	12
Ribadeo	Lugo	Xoves, 19 de xuño	10.00	10
Ribeira	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	12
Valga	Pontevedra	Xoves, 19 de xuño	10.00	10
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Xoves, 19 de xuño	10.00	20
Vimianzo	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	10.00	15

Localidade	Provincia	Día	Hora	Prazas
Cañiza, A	Pontevedra	Xoves, 19 de xuño	18.00	18
Coruña, A	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	18.00	16
Lugo	Lugo	Xoves, 19 de xuño	18.00	12
Moaña	Pontevedra	Xoves, 19 de xuño	18.00	14
Narón	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	18.00	10
Riotorto	Lugo	Xoves, 19 de xuño	18.00	6
Santa Comba	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	18.00	19
Santiago de Compostela	Coruña, A	Xoves, 19 de xuño	18.00	16
Sarreaus	Ourense	Xoves, 19 de xuño	18.00	8
Sarria	Lugo	Xoves, 19 de xuño	18.00	15
Vicedo, O	Lugo	Xoves, 19 de xuño	18.00	6
Vilar de Santos	Ourense	Xoves, 19 de xuño	18.00	6

Localidade	Provincia	Día	Hora	Prazas
Ames	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	12.00	13
Barreiros	Lugo	Venres, 20 de xuño	12.00	12
Boborás	Ourense	Venres, 20 de xuño	12.00	12
Cañiza, A	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	12.00	18
Carballo	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	12.00	20
Guitiriz	Lugo	Venres, 20 de xuño	12.00	20
Moaña	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	12.00	14



Localidade	Provincia	Día	Hora	Prazas
Oroso	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	12.00	14
Poio	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	12.00	6
San Sadurniño	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	12.00	10
Valga	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	12.00	10
Vigo	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	12.00	12
Vimianzo	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	12.00	15

Localidade	Provincia	Día	Hora	Prazas
Cañiza, A	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	16.00	18
Celanova	Ourense	Venres, 20 de xuño	16.00	12
Estrada, A	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	16.00	10
Leiro	Ourense	Venres, 20 de xuño	16.00	7
Pontevedra	Pontevedra	Venres, 20 de xuño	16.00	26
Santa Comba	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	16.00	19
Santiago de Compostela	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	16.00	16
Sarria	Lugo	Venres, 20 de xuño	16.00	15
Vicedo, O	Lugo	Venres, 20 de xuño	16.00	6
Vimianzo	Coruña, A	Venres, 20 de xuño	16.00	15

